



**Transferencia de Crédito 011-T/21 (32/21)**

**Expte. Cívidas nº 2021033866**

**TR – 011T/2021**

## **DECRETO DA ALCALDÍA, Ourense, na data da sinatura electrónica**

Visto o informe-proposta elaborado pola Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, en funcións (ref: CBD/060/2021), de data 31/08/2021, asinado tamén pola Sra. Concelleira delegada de Urbanismo (Servizo de Rehabilitación, VPP e Peris) e pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, na mesma data, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería delegada de Urbanismo (Servizo de Rehabilitación, VPP e Peris), mediante Providencia, de data 23/08/2021, e visto o informe favorable emitido pola Intervención Xeral de 07/09/2021(ref: 11-T/21), en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o número 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

**1.- Aprobar a modificación orzamentaria 011-T/2021, utilizando a figura das transferencias de crédito** entre aplicacións da mesma área de gasto, nos seguintes termos:

### Área de gasto 1

#### **A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
S220.1522.64000	Redac. Cartografía revisión plan especial C. Histórico	50.400,00
<b>Total Transf. Positivas:</b>		<b>50.400,00 €</b>

#### **B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO**

<b>Aplicación</b>	<b>Descrición</b>	<b>Importe</b>
N220.1522.22706	Estudos e traballos técnicos (Vivenda) (RCMOD nº: 202100050320)	50.400,00
<b>Total Transf. Negativas:</b>		<b>50.400,00 €</b>

**2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal** aos efectos contables oportunos e **á Concellería delegada de Urbanismo (Servizo de Rehabilitación, VPP e Peris)** para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.

Así o manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

